

Secundaria. 12 a 18 anos

Defendamos os Dereitos Humanos



DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Cada grupo de alumnos crea un póster a partir dun dos artigos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, busca problemáticas sociais e fotografías que as representen, engádelle unha palabra ou unha frase curta a cada foto e crea un lema ou slogan para este artigo traballado.

O resultado é un eBook, que será publicado en liña e en revista impresa. Os pósters imprimiranse e expoñeranse no centro educativo. Crearase unha videorreportaxe coas fotos feitas ao longo do desenvolvemento do proxecto.



OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

- Coñecer a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e o significado dos Valores Morais como a dignidade, a liberdade, a solidariedade, a xustiza.
- Fomentar a participación e a colaboración entre os diferentes países europeos na solución conxunta de problemas sociais.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación

Paso 1. Rexistro

Os docentes rexistran os seus alumnos no TwinSpace do proxecto e gardan o documento coas claves de acceso, que posteriormente lle repartirán individualmente a cada un.



Paso 2. Creación de grupos internacionais

 Os docentes organizan os alumnos en equipos internacionais, 2 ou 3 alumnos por país, dependendo do número de países participantes. Recoméndase que non sexan equipos moi numerosos. Máximo 6 alumnos por equipo. • Elabórase unha táboa informativa cos alumnos participantes en cada equipo:

Equipos Países	EQUIPO 1 Tutor:	EQUIPO 2 Tutor:	EQUIPO 3 Tutor:	
FRANCIA	Alumno 1	Alumno 2	Alumno 3	
ESPAÑA	Alumno 1	Alumno 2	Alumno 3	
GRECIA	Alumno 1	Alumno 2	Alumno 3	

Paso 3. Preparación da páxina principal e subpáxinas para os equipos

Os docentes crean diversas páxinas no TwinSpace para organizar o desenvolvemento do proxecto cos seguintes contidos que posteriormente se poden ampliar:

- Páxina coa planificación do proxecto que inclúe os obxectivos, a temporalización, as actividades que se van realizar, os países e os centros escolares participantes
- Páxina coa **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**. Ligazón á Declaración <u>http://www.un.org/es/udhrbook/mobile.shtml</u>
- Páxina co táboa dos equipos internacionais xunto a un docente que exercerá de titor do equipo
- Unha **subpáxina para cada un** dos equipos internacionais que albergará os pósters producidos



Paso 4. Preparación dos Foros

Os docentes abren para comezar un **Foro Xera**l de debate arredor dos Dereitos Humanos: que son, que función cumpren e a súa utilidade no mundo de hoxe.

Posteriormente, cando os equipos elixisen o artigo que van traballar, abrirase un **Foro do Artigo (...)** para comentar cada un deles.

E para rematar o proxecto, abrirase un **Foro para votar** e elixir o póster gañador así como un **Foro Avaliación**, coas valoracións finais do proxecto.



Paso 5. Preparación de carpetas de Materiais

Os docentes crean carpetas no módulo Materiais do TwinSpace:

- Unha carpeta de **Documentos** do proxecto
- Carpetas de Imaxes para cada un dos equipos
- Carpeta de Imaxes para os Pósters como produtos finais
- Carpeta de Imaxes con fotografías do desenvolvemento do proxecto en cada centro
- Carpeta de Vídeos, para gardar as videorreportaxes realizadas por cada un dos centros educativos participantes, do desenvolvemento do proxecto

Allowing	Ne derentamos				español +	Cerrar sesión
INICIO P	ÁGINAS 🗨	MATERIALES	FOROS	EN VIVO	MIEMBROS	
nicio » Materiales » Imágenes			and a	in a sur	and the second	CONFIGURAR
DEFENDA	AMOS LOS	DERECHOS HI	UMANOS!		NOM	
					ABELLING LYVY	10111/Janes
					APELLIDO bie	nvenida
Buscar	a				APELLOO De	nvenida
Buscar MAGENES VIDEOS D	O DOCUMENTOS				APRILIDO - De	nvenida
Suscar MAGENES VIDEOS D ALBUMES O	C DOCUMENTOS	IMÁGENES ^O			APELLIDO Be	nvenida

Fase 2: Desenvolvemento da actividade

Paso 1. Presentación do proxecto e do TwinSpace (3 sesións)

O docente **presenta o proxecto,** e **presentación dos socios**; accédese á páxina web institucional dos centros participantes. Localízanse no mapa os países aos que pertencen.

Preséntase o TwinSpace como espazo de traballo. Os alumnos acceden ao TwinSpace coas súas claves (usuario e contrasinal) repartidas polo profesor, **editan e completan os seus perfís** no TwinSpace e toman contacto co seu equipo.

Accións que realizará cada alumno:

- **Escribir a súa presentación**: localidade, país de nacemento, hobbies, familia, pero ningún dato persoal tal como o teléfono ou o enderezo postal
- Subir unha foto ao perfil, ou unha imaxe que o represente
- Ir á páxina de presentación e coñecer cal é o seu equipo
- **Deixarlles mensaxes** aos membros do seu equipo, de maneira positiva e que fomenten a interacción, engadindo palabras ou mensaxes nas súas propias linguas. Pódense empregar tradutores en liña.
- Unha vez que o alumno sabe a que equipo pertence, debe ir á subpáxina do equipo correspondente, onde traballará a partir de agora

	Perfile Montesent de Management	APELLOOS u benneredo w benneredo w benneredo
P	Dejar un mensajo a nombre y apellidos 🏾 [©]	

Paso 2. Elección do artigo da DUDH por parte dos equipos (3 sesións)

- Cada profesor xunto ao seu grupo de alumnos nacionais fará unha lectura colectiva dos 30 artigos da Declaración dos Dereitos Humanos seguido dun pequeno debate acerca de cal ou cales son os máis relevantes e por que.
- Participación no Foro Xeral.
- Cada alumno **elixirá**, xunto aos membros dos seus equipos internacionais, o artigo que van traballar. Para iso comunicaranse a través da **subpáxina** e do **chat**.
- Unha vez elixido o artigo, **distribuiranse as tarefas que se van realizar**: busca de imaxes e vídeos, palabras dentro do contexto significativo do artigo que se traballa, creación da frase ou do slogan.

Paso 3. Investigación e recompilación de material por parte dos equipos (3 sesións)

Cada equipo buscará por internet información relativa ao artigo da DUDH que está traballando e irao gardando na subpáxina correspondente. Trátase de levar a cabo un pequeno traballo de investigación, con diferentes fases:

- Cada alumno do equipo conforme á distribución do traballo pactado entre eles **buscará e recompilará** a información atopada por internet.
- Cada membro investigará sobre: problemáticas sociais asociadas ao artigo, asociacións que denuncian situacións de inxustiza, imaxes asociadas e representativas, vídeos relativos a este artigo, palabras do seu contexto significativo, frases con mensaxe, slogans que achegan unha solución...
- Cada membro selecciona e garda a información na subpáxina do seu equipo, creando un banco de imaxes, frases, información relevante....

 Vanse facendo fotografías dos alumnos mentres investigan e compartiranse no Diario do Proxecto (prestaráselle especial atención á protección da imaxe dos alumnos).

Paso 4. Creación e publicación do póster colaborativo (3 sesións)

Unha vez que se teña información dabondo sobre todos os aspectos que se van investigar, créase un póster de maneira colaborativa, por exemplo, en <u>https://www.genial.ly/es</u> ou similar

- Un alumno abrirá o póster nunha das ferramentas dixitais: para iso rexístrase, elixe o modelo sobre o que se vai traballar e comparte a ligazón entre os seus compañeiros de equipo, que para acceder tamén han de rexistrarse no programa.
- Cada alumno achégalle ao póster a parte correspondente á súa investigación: imaxes, frases, palabras, slogan... e vai gardando o resultado.
- Unha vez completado, publícase en liña e gárdase en formato JPEG na carpeta de Materiais/Imaxes.
- Sóbese/incrústase na subpáxina do TwinSpace.



Paso 5. Particípase nos Foros no TwinSpace (3 sesións)

Todos os alumnos participantes pensan e opinan sobre os artigos traballados e as problemáticas atopadas así como as súas reflexións e propostas para solucionalas.

Participación no Foro Xeral sobre a importancia da DUDH

- Ábrese un Foro Artigo(...) por cada un dos artigos traballados, fanse comentarios e preguntas que cada equipo responsable deste artigo responde
- Ábrese un Foro para votar, para elixir un dos pósters explicando o porqué

Paso 6. Imprímense e expóñense os pósters (1 sesión)

Os docentes e alumnos **imprimen os pósters e expóñenos no centro** educativo. Fánselles fotos ás exposicións e faise unha entrada no Diario do proxecto.

Paso 7. Créase o eBook e a videorreportaxe (4 sesións)

- Algún equipo voluntario xunto co profesor-titor **publica o eBook** cunha presentación do proxecto así como dos socios participantes e coa colección de pósters. Sóbese ao Twinspace.
- Profesores e alumnos de cada centro socio **imprímeno en formato revista** e distribúese no centro escolar, aos pais, en asociacións xuvenís
- Algún equipo voluntario de alumnos xunto co profesor-titor crea unha videorreportaxe coas fotos feitas por todos os socios durante o desenvolvemento do proxecto. Sóbese ao TwinSpace. Faise unha entrada final no Diario do proxecto
- Ábrese un **Foro de Avaliación** e os alumnos de todos os equipos engaden unha reflexión-valoración verbo do desenvolvemento do proxecto: tema, participación, colaboración, produtos, propostas de mellora



Fase 3: Recollida de datos e promoción

- Desde o comezo do proxecto fanse públicas as páxinas de actividades coa información xeral e cos resultados finais (pósters, eBook, videorreportaxe)
- Vaise escribindo o Diario do proxecto, contando o seu desenvolvemento deste en cada centro educativo participante. Cada semana, un alumno de cada país fai un comentario, e pode agregar unha foto na que se vexa os alumnos traballando no proxecto.
- Publicase información sobre o proxecto na páxina web institucional do centro escolar e en redes sociais a través dos perfís de Facebook e Twitter do centro escolar.
- Inclúese na páxina web institucional do centro unha ligazón directa ao TwinSpace
- Publícanse os pósters, fotos... do proxecto na televisión (tv) do centro (que informa sobre as actividades realizadas polos diversos departamentos)

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

- Colección de pósters e Exposición no centro
- eBook con todos os pósters creados
- **Revista impresa cos pósters.** Distribuirase por outros centros escolares e organizacións xuvenís da localidade
- Videorreportaxe do desenvolvemento do proxecto coas fotos de todos os centros participantes

FERRAMENTAS DO TWINSPACE/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

- Perfil individual do TwinSpace, páxinas, foro TwinSpace, Materiais (Carpetas),
- Ferramentas para **deseñar pósters ou carteis** en liña: canva.com, emaze.com, easel.ly, Genial.ly, ou similares
- **Publicación do eBook** coa colección de pósters: com, calameo.com, ou similares
- Programas para montar vídeos con fotos como movie-maker, animoto.com, photopeach.com, kizoa.com, ou similares
- Facebook, Twitter, Google+... para a difusión

TEMPORALIZACIÓN

• Sesión 1: Presentación **do proxecto** e **dos socios**

- Sesión 2: Repartición das claves de acceso ao TwinSpace. Comézase o Diario do proxecto
- Sesión 3: Completar perfís dos alumnos, toma de contacto cos membros do equipo
- Sesión 4: Lectura inicial da listaxe de Dereitos Humanos (DDHH) (Declaración Universal dos Dereitos Humanos, DUDH). Tómanse fotos da sesión
- Sesión 5: Participación no Foro xeral
- Sesión 6: Elección do artigo que se vai traballar e distribución das tarefas
- Sesións 7, 8, 9: Cada equipo **busca información, investiga e recompila material**. Tómanse fotos das sesións e escríbense entradas no Diario do Proxecto.
- Sesión 10: Rexistro na ferramenta dixital coa que se vai realizar o póster
- Sesións 11, 12: Creación do póster de maneira colaborativa e recompilación de todos no TwinSpace
- Sesión 13: Vense e analízanse os pósters dos demais equipos
- Sesións 14, 15: Participación nos Foros específicos de cada artigo traballado. Votación no Foro do póster gañador
- Sesión 16: Impresión e exposición dos pósters no centro. Fanse fotos e escríbense entradas no Diario do proxecto
- Sesión 17: Créase e **publícase o eBook**. Sóbese ao TwinSpace
- Sesión 18: Imprímese o eBook en formato Revista e distribúese
- Sesión 19: **Créase unha videorreportaxe coas fotos feitas por todos os socios.** Sóbese ao TwinSpace cunha entrada final no Diario do proxecto
- Sesión 20: Participación no Foro de Avaliación



Servizo Nacional de Apoio eTwinning | Proxectos de Colaboración Escolar en Europa | <u>Instituto</u> <u>Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado</u> | <u>Ministerio de Educación e Formación Profesional</u>

C/ Torrelaguna, 58, 1ª planta, despacho 112. 28027 Madrid Tel.: 913 778 377

Aviso Legal

